

3. TRAMITACIÓN

Procedemento: aberto. Forma: subhasta.

4. PREZO MÍNIMO DE ADXUDICACIÓN

1.804 euros para cada posto de 12 m.

5. GARANTÍA PROVISIONAL

2% do prezo mínimo de adxudicación.

6. DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN

Concello do Grove. Praza do Corgo s.n. (36980) O Grove (Pontevedra). Tfno: 986730975. Fax: 986731358. Prazo: ata o remate do prazo de presentación de ofertas.

7. PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

Durante 30 días naturais seguintes ó da publicación deste anuncio no B.O. da Provincia de Pontevedra. Documentación a presentar: a prevista na cláusula 12 do prego de condicións. Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello, no domicilio antes citado.

8. APERTURA DE OFERTAS

Na sala de Comisións da Casa do Concello, ás 13 horas do 3º. día hábil seguinte ó remate do prazo de presentación de ofertas, e se fose sábado, o día hábil seguinte.

9. Simultaneamente coa licitación sométese a exposición pública o prego de condicións, quedando aquela aprazada no caso de presentarse reclamacións contra do citado prego.

O Grove, 6 de maio de 2008.—O Alcalde, José A. Cacabelos Rico. **2008005394**

* * *

REDONDELA**A N U N C I O**

No Boletín Oficial de Pontevedra de data 25.03.2008 publicouse anuncio polo que se expoñía ao público polo prazo de trinta días aos efectos de presentación de alegacións e/ou sugerencias a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela. Non se presentaron nin alegacións nin sugerencias, polo que se eleva a definitivo o seu texto íntegro que se transcribe a continuación.

ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE REDONDELA*Exposición de motivos*

A disposición adicional primeira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) establece que os procedementos establecidos nesta lei adaptaranse regulamentariamente ás condicións de organización e funcionamento da Administración Local de Galicia.

Esta adaptación farase cunha previsión de adaptación regulamentaria que atenda ás súas específicas condicións de organización e funcionamento. A concesión de subvencións resulta indispensable para a realización dos obxectivos políticos e económicos fixados polas corporacións locais.

Esta ordenanza pretende formular medidas concretas para a aplicación dos principios xurídicos recollidos na LSG nos procedementos de tramitacións de subvencións no Concello de Redondela.

Tendo en conta o exposto e o principio de autoorganización e a competencia regulamentaria do Concello, establecida no artigo 4º da Lei 7/85, de bases de réxime local, do 2 de abril, parece aconsellable proceder á adecuación da ordenanza municipal ás disposicións legais vixentes, dando así solución aos problemas que a aplicación práctica da vixente ordenanza pode producir.

**TÍTULO I
DISPOSICIÓNS XERAIS****ARTIGO 1. OBXECTO**

Constitúe o obxecto desta norma a regulamentación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións municipais, no marco do réxime xurídico definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

Enténdese por subvención toda disposición de fondos realizada polo Concello de Redondela, a prol de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa da persoa beneficiaria
- b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividades adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concurrencia dunha situación, debendo a/o beneficiaria/o cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran.
- c) Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

ARTIGO 2. ACTIVIDADES EXCLUÍDAS

1.—Non están comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza as achegas en diñeiro entre diferentes administracións públicas, así como entre a Administración e os organismos e outros entres públicos dependentes destas, destinadas a financiar globalmente a actividade de cada ente no ámbito propio das súas competencias.

Tampouco estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza as achegas de diñeiro,

que en concepto de cotas realicen as entidades que integran a Administración local a favor das asociacións, á que se refire a disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

2.—Non terán carácter de subvención as comprendidas nos seguintes supostos:

- a) O crédito oficial, agás nos supostos en que a Administración pública subvencione ao prestameiro a totalidade ou parte dos intereses ou outras contraprestacións da operación de crédito.
- b) As que supoñan concesión de exencións non permitidas polo RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais en materia de recursos locais de natureza tributaria e non tributaria.
- c) O prezo dos contratos realizados polo Concello de acordo coa normativa vixente en materia de contratación.

3.—Quedas excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza as seguintes:

- a) Os premios que se outorguen sen a previa solicitude da/o beneficiaria/o.
- b) As subvencións aos grupos políticos do Concello, segundo se estableza na súa propia normativa.

ARTIGO 3. RÉXIME DE CONCURRENCIA

1.—As subvencións ás que se refire a presente norma convocaranse en réxime de concurrencia competitiva, requirindo para a súa concesión a comparación, en único procedemento, dunha eventual pluralidade de solicitudes entre sí, de acordo cos criterios establecidos nesta norma e nas bases que, no seu caso, ponderan rexir a convocatoria correspondente.

2.—Con carácter excepcional, cando por razón da natureza da actividade a subvencionar, das características da persoa, física ou xurídica, ou entidade que deba executar aquela actividade, ou cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, non sexa posible promover a concurrencia pública, as subvencións outorgaranse mediante resolución ou acordo motivado do órgano competente para concedelas, no que se farán constar as razóns que xustifiquen a excepción da convocatoria en réxime de concurrencia, así como a forma na que deberá ser justificada a aplicación dos fondos recibidos. En todo caso tramitarase o correspondente expediente, no que figurarán os informes que acrediten as circunstancias anteriores.

3.—Exceptúanse, asimesmo, do réxime de concurrencia, as subvencións previstas nominativamente no orzamento municipal.

ARTIGO 4. CONTÍA DA SUBVENCIÓN

Anualmente o Concello e os seus organismos autónomos consignarán a cantidade que estimen pertinente nos respectivos ornamientos para atenderen as actividades subvencionables.

No caso de convocatorias realizadas en réxime de concurrencia, poderanse estimar as solicitudes ás que se lle outorgara maior valoración, sempre que reúnan os requisitos determinados nestas normas e, no seu caso, nas bases da convocatoria, ata que se esgote o crédito presupostario.

O importe das subvencións reguladas nas presentes normas, en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en conxunto con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, xa sexan nacionais ou internacionais, supere o orzamento do proxecto ou actividade para o que se solicita.

As subvencións municipais destinaranse a financiar programas de actuación que vaian a realizar as entidades cidadáns sempre que complementen as actividades de competencia municipal ou colaboren con elas.

ARTIGO 5. PERCEPTORES DE SUBVENCIÓNS

1.—Terá a consideración de beneficiaria/o de subvencións a persoa física ou xurídica que deba realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento, ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

2.—O réxime xurídico das/os beneficiarias/os de subvencións e das entidades colaboradoras, será o que se establece nos artigos 8 a 12 da LSG, na presente Ordenanza e nas bases reguladoras da correspondente convocatoria.

3.—As entidades e colectivos cidadáns que soliciten as subvencións ás que se refire esta norma, ademais de carecer de ánimo de lucro, deberán cumprir os requisitos esixidos na correspondente convocatoria. Cando se trate de asociacións, deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Redondela.

4.—Tratándose de subvencións enmarcadas na cooperación ao desenvolvemento, as Organizacións non Gubernamentais deberán estar inscritas no rexistro público correspondente e dispoñer de sede central ou delegación na Comunidade Autónoma de Galicia.

ARTIGO 6. DEREITOS E OBRIGAS DOS PERCEPTORES

O receptor da subvención terá dereito a recabar e obter en todo momento o apoio e a colaboración do Concello de Redondela na realización da actividade ou proxecto que se subvenciona (permisos, autorizacións, licenzas, etc.).

Os perceptores da subvención están obrigados a:

1.—Aceptar a subvención. No caso de que esto non sexa posible deberán renunciar a ela expresa e motivadamente, no prazo de quince días, contados a partir daquel no que reciban a notificación de concesión da subvención.

2.—Realizar a actividade para a que foi concedida a subvención, axustándose aos termos do proxecto.

3.—Acreditar ante este Concello a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condicións que se determinaran na concesión da axuda.

4.—Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar a documentación e os datos que se lle requiran.

5.—Dar conta das modificacións que poidan xurdir na realización do proxecto, xustificándoas adecuadamente.

6.—Agás previsión expresa contemplada nas bases reguladoras de cada convocatoria, os perceptores non subcontratarán os proxectos obxecto das devanditas subvencións.

7.—Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

8.—Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevea nesta Ordenanza.

9.—Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución da concesión, que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

10.—Dispoñer dos libros contables, rexistros diligenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola legislación mercantil e sectorial aplicable á/ao beneficiaria/o en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras da subvención, coa finalidade de garantir o adecuado exercizo das facultades de comprobación e control.

11.—Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

TÍTULO II PROCEDIMENTO

CAPÍTULO 1. INICIACIÓN

ARTIGO 7. CONVOCATORIA

Agás nos supostos previstos no artigo 3.2, o procedemento iniciárase mediante convocatoria efectuada polo órgano competente para a súa resolución, e publicada no Taboleiro de Edictos do Con-

cello, así como nos lugares que establezan as Bases reguladoras de cada convocatoria.

Se o importe total das subvencións a outorgar nun mesmo procedemento excede de 60.000,00 euros, publicarase tamén un extracto no Boletín Oficial da Provincia.

No anuncio da convocatoria indicárase obrigatoriamente:

1.—Obxecto e finalidade da subvención

2.—Requisitos para solicitala

3.—Lugar das oficinas municipais onde as/os interesadas/os poidan obter as bases da convocatoria

4.—Lugar e prazo de presentación das solicitudes

ARTIGO 8. BASES DA CONVOCATORIA

Previamente á publicación da convocatoria, o órgano competente para a resolución do procedemento deberá aprobar as bases específicas que a rexerán.

As bases deberán respectar, en todo caso, a presente norma e conterán, como mínimo:

a) Definición do obxecto da subvención.

b) Requisitos que deberán reunir as persoas beneficiarias para a obtención da subvención, e, no seu caso, os membros das entidades contempladas no apartado 2 e segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 8 da LSG, e forma e prazo no que deben presentarse as solicitudes.

c) Condicións de solvencia e eficacia que deban reunir as persoas xurídicas (apartado 2 do artigo 9 da LSG).

d) Procedemento de concesión da subvención.

e) Criterios obxectivos de outorgamento da subvención e, no seu caso, ponderación deles.

f) Contía individualizada da subvención ou criterios para a súa determinación.

g) Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión da subvención, e o prazo no que será notificada a resolución.

h) Determinación, no seu caso, dos libros e rexistros contables específicos para garantir a adecuada justificación da subvención

i) Prazo e forma de xustificación por parte da persoa beneficiaria ou da entidade colaboradora, no seu caso, do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

k) Medidas de garantía que, no seu caso, se considere preciso constituir a prol do Concello, medios de constitución e procedemento de cancelación.

- l) Posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán achegar as persoas beneficiarias.
- m) Circunstancias que poderán dar lugar á modificación da resolución, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.
- n) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesquera administracións ou entres públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- o) Criterios de graduación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente vai percibir a persoa beneficiaria, ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán respostar ao principio de proporcionalidade.

CAPÍTULO II. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

ARTIGO 9. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZOS

As persoas físicas ou xurídicas, entidades e colectivos interesados deberán solicitar a subvención dentro do prazo que se sinala na convocatoria, podándose formalizar no impreso normalizado establecido ao efecto.

Sen prexuízo do que poidan establecer as bases da convocatoria, á solicitude acompañarase a documentación que se especifica nos artigos seguintes e reunido os requisitos establecidos nas normas de procedemento administrativo.

ARTIGO 10. LUGAR DE PRESENTACIÓN E ÓRGANO AO QUE SE DIRIXE A PETICIÓN

As solicitudes, xunto coa documentación que se acompañe, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello e serán dirixidas á Alcaldía-Presidencia.

ARTIGO 11. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE

1.—As persoas interesadas deberán acompañar á solicitude de subvención, os documentos e informacións determinados nas bases reguladoras, agás que os documentos esixidos xa estiveran en poder do Concello, en tal caso o solicitante poderá acollerse ao establecido no apartado f) do artigo 35 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados, ou, no seu caso emitidos, e cando non

transcorriran máis de cinco anos dende o remate do procedemento ao que correspondan.

2.—Agás manifestación expresa en contrario, a presentación da solicitude por parte da persoa beneficiaria, conlevará a autorización ao órgano xestor da subvención, para recabar os certificados a emitir pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e pola Xunta de Galicia, aos efectos de acreditar o estar ao corrente no pago das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

3.—As bases reguladoras da subvención poderán admitir a substitución da presentación de determinados documentos, por unha declaración responsable da persoa solciitante. Neste caso, con anterioridade á proposta de resolución de concesión da subvención, deberase requirir a presentación da documentación que acredite a realidade dos datos contados na devandita declaración, nun prazo non superior a 15 días.

ARTIGO 12. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS COLECTIVOS CIDADÁNS

Cando se prevea expresamente nas bases reguladoras, poderán acceder á condición de persoa beneficiaria, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou colectivos cidadáns que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se encontren na situación que motiva a concesión da subvención.

Nestes supostos, a documentación esixible será:

- Datos personais do representante do colectivo (nome e apelidos, NIF, domicilio, teléfono, e-mail, etc.).
- Relación nominal, coa súa aceptación expresa, das persoas que integran o proxecto ou actividade.
- Proxecto concreto para o que se pretende a subvención e presuposto pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución.
- Declaración xurada do representante legal de non atoparse inhabilitado para contratar coas Administracións Públicas, ou para obter subvención procedente delas e de encontrarse facultado para actuar no seu nome.
- Datos dunha conta bancaria mancomunada na que figurarán como mínimo dous titulares.
- Calquera outro documento que se considere necesario para permitir unha mellor valoración da subvención solicitada.

ARTIGO 13. SUBSANACIÓN DE DEFECTOS DA SOLICITUDE

Se o escrito de solicitude non reunira os requisitos necesarios para a súa tramitación, requirírase por escrito á persoa solicitante para que subsane os defectos observados no prazo máximo e improrrogable de 10 días, quedando apercibido que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición e se arquivarán as actuacións e máis trámite, conforme ao previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

CAPÍTULO III. TRAMITACIÓN

ARTIGO 14. REMISIÓN AO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN

A tramitación das solicitudes, emisión dos informes que procedan, requirimentos, resolución, notificacións, recursos, e cantos actos sexan precisos ata cegar á finalización do procedemento, axustárase ao establecido na devandita Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXAP e PAC).

ARTIGO 15. COMISIÓNS DE VALORACIÓN

Para a valoración dos proxectos ou actividades subvencionables constitúese un órgano colegiado integrado polo Alcalde, ou Concelleira/o Delegado no seu caso, que actuará como Presidente, dúas/dous Concelleiras/os e dúas /dous traballadores do Concello, que serán definidas/os nas correspondentes bases reguladoras da subvención, unha/un das/os cales actuará como Secretaria/o.

Corresponde a esta comisión de Valoración o exame das solicitudes presentadas e a comparación entre elas mediante a aplicación dos criterios de valoración establecidos nas correspondentes bases, a fin de establecer unha prelación entre elas e formular a correspondente proposta de adjudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración, co límite fixado na convocatoria, e dentro do crédito dispoñible.

A proposta de resolución, que non terá carácter vinculante, deberá expresar a/o solicitante, ou relación de solicitantes para as/os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, expresando os criterios de valoración seguidos para efectuala.

ARTIGO 16. REFORMULACIÓN DAS SOLICITUDES

1.—Cando a subvención teña por obxecto a financiación de actividades a desenvolver pola persoa solicitante, e o importe da subvención a outorgar que consta na proposta de resolución provisional, sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, deberase pedir á/ao beneficiaria/o, se así está previsto nas bases reguladoras, a reformu-

lación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable.

2.—Unha vez que a solicitude teña a conformidade do órgano colegiado, remitírase con todo o actuado ao órgano competente para que dite a Resolución.

3.—En todo caso, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, condicións e finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos respecto das solicitudes ou peticións.

CAPÍTULO IV. RESOLUCIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN

ARTIGO 17. RESOLUCIÓN

Será competente para resolver as solicitudes de subvención, o órgano que o sexa para a disposición do gasto, sen prexuízo da delegación que poida facerse a prol da Xunta de Goberno Local. Aos efectos do previsto no artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro (LRXAP e PAC), o prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención será de tres meses, contados a partir do día no que remate o prazo establecido na convocatoria para presentalas, e o silencio da Administración terá carácter desestimatorio.

O acordo de resolución da subvención será notificado ás/aos solicitantes. No caso de concesión exprésase a contía outorgada, forma de pagamento, condicións nas que se outorga e os medios de control que, no seu caso, se estableceran.

Non se concederá subvención ningunha a solicitantes que tiveran pendente de justificación subvencións anteriores.

ARTIGO 18. PAGO DA SUBVENCIÓN

Con carácter previo á convocatoria da subvención ou á súa concesión directa, deberá efectuarse a aprobación do gasto. A resolución de concesión, conlevará o compromiso do gasto correspondente.

O pago da subvención levarase a cabo previa xustificación da persoa beneficiaria da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para ao que se concedeu, nos termos establecidos nas bases reguladoras da subvención.

Perderase o dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da LSG.

Tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á justificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención sempre que así se prevea nas bases reguladoras da subvención.

Porén, en ningún caso se poderán facer pagos anticipados a beneficiarias/os que solicitaran e obtiveran a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, estén suxeitos a intervención xudicial, ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que rematara o período de inhabilitación fixado na sentenza de calificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acreedores, insolvente fallido en calquera procedemento ou sexeito a intervención xudicial, haber iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos, ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acreedores, mentras, no seu caso, non foran rehabilitados.

Non se poderá facer o pago da subvención mentres que a persoa beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa bebedor por resolución de procedencia de reintegro.

TÍTULO III

CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONS

ARTIGO 19. CONCESIÓN DIRECTA

Respecto das subvencións contempladas no artigo 2, que quedan exceptuadas do réxime de concorrencia, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións, establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Ordenanza e na LGS.

Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no Orzamento Xeral do Concello.

TÍTULO IV

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

CAPÍTULO I. OBRIGA DE XUSTIFICAR E DOCUMENTACIÓN

ARTIGO 20. OBRIGA DE XUSTIFICAR

Os perceptores de subvencións con cargo ao orzamento municipal, deberán xustificar a aplicación dos fondos percibidos ante a Concellaría ou servizo do Concello que se estableza nas bases reguladoras, no prazo máximo de tres meses, contados desde a data prevista nas bases para o remate do proxecto ou actividade que se subvenciona.

Se o proxecto ou actividade subvencionados non remataran na data sinalada, a persoa beneficiaria deberá solicitar por escrito a ampliación do prazo de justificación con indicación da data de finalización.

ARTIGO 21. FORMA DE ACREDITAR A REALIZACIÓN DO PROXECTO OU ACTIVIDADE

A acreditación da realización do proxecto ou actividade subvencionados, farase polos seguintes medios:

1.—Conta xustificativa dos gastos realizados, que reunirá os seguintes requisitos:

— Incluirá, baixo a responsabilidade da persoa declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

— Unha declaración das actividades realizadas que foran financiadas coa subvención e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que se incorrira.

— Para xustificar os gastos xerais de obras, bens e servizos, achegaranse as correspondentes facturas. Os gastos de persoal, dietas, etc. Xustificaranse a través das nóminas. Os restantes gastos subvencionables mediante facturas e outros documentos de valor probatorio no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Deberán presentarse orixinais e fotocopias que serán diligenciadas polo Concello, devolvendo aqueles ás/aos interesadas/os á maior brevidade posible. Nas facturas deixarase constancia de que foron utilizadas como justificante da subvención percibida, especificando a convocatoria correspondente. En todo caso, as facturas deberán ter data do exercicio económico para o que se concedeu a subvención.

— Asimesmo, aos efectos de xustificar adecuadamente a subvención concedida, poderá esixirse, se así o establecen as bases reguladoras, os exemplares da documentación e publicidade xenerada pola actividade subvencionada.

— Cando as actividades foran financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou con outros fondos ou recursos, deberá acreditarse na justificación, o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

— No suposto de adquisición de bens inmoables, deberá achegarse ademais, certificación de tasador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

2.—Cando así o requiran as características das subvencións convocadas, ou das persoas beneficiarias á que van destinadas, e se estableza nas bases reguladoras da concesión, a xustificación do gasto realizado poderá acreditarse tamén por módulos ou mediante a presentación de estados contables.

ARTIGO 22. GASTOS SUBVENCIONABLES

1.—Considéranse gastos subvencionables aqueles que, sen lugar a dúbida, respondan á natureza da subvención. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

2.—Agás disposición en contrario nas bases, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado antes do remate do período de xustificación establecido nelas.

3.—En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os intereses bebedores das contas bancarias
- Intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- Os gastos de procedementos xudiciais

4.—Os tributos son gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostor indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostor persoais sobre a renda.

5.—Os custos indirectos serán imputados pola/o beneficiaria/o á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO E XUSTIFICACIÓN

ARTIGO 23. FISCALIZACIÓN

Unha vez recibida a documentación pertinente, a Concellería ou servizo xestor da subvención, remitirá todas as actuacións relativas á súa justificación á Intervención Municipal para a súa fiscalización.

Emitido o correspondente informe da Intervención Municipal efectuarase a oportuna proposta de resolución que se elevará para a súa aprobación ao órgano que concedera a subvención.

ARTIGO 24. REINTEGRO DE CANTIDADES

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación da subvención levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente, dende o momento de pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos sinalados no artigo 33 da LSG e, en especial, nos seguintes:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requeridas para elo ou ocultando aquelas que o impedirían.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto, ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da LSG e, no seu caso, nas bases reguladoras da subvención.
- d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da mesma Lei.
- e) Resistencia, excusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da LSG, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calesquera administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás persoas beneficiarias, así como dos compromisos por estas asumidos con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- g) Nos demais supostos previstos no artigo 33 da LSG e bases reguladoras da subvención.

Cando o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia co outras, exceda o custe da actividade subvencionada, procederá o reintegro do exceso obtido, así como a esixencia do interese de demora correspondente.

As cantidades percibidas e non investidas na finalidade para a que foi concedida a subvención, así como as cantidades non justificadas, serán reintegradas á Facenda Municipal, devengando intereses de demora.

ARTIGO 25. PROCEDEMENTO DE REINTEGRO

A devolución de cantidades axustarase ao procedemento contemplado no artigo 38 da LSG.

Iniciarase de oficio por acordo do órgano que concedeu a subvención, ben por propia iniciativa, ben por petición razoada da Concellería ou servizo

xestor da subvención ou por denuncia. Tamén se iniciará como consecuencia do informe de control financeiro emitido pola intervención municipal.

Na tramitación do procedemento garantirase, en todo caso, o dereito da/o interesada/o a ser oída/o.

TÍTULO V

CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCIÓNS

ARTIGO 26. OBXECTO DO CONTROL FINANCEIRO

O control financeiro das subvencións exercerase pola Intervención Municipal, sen prexuízo das funcións atribuídas ao Consello de Contas de Galicia e terá como obxecto verificar:

- A adecuada e correcta obtención da subvención por parte da persoa beneficiaria.
- O cumprimento das súas obrigas na xestión e aplicación da subvención.
- A adecuada e correcta xustificación da subvención.
- A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada, foran financiadas coa subvención.
- A adecuada e correcta financiación das actividades subvencionadas, nos termos establecidos no apartado 3 do artigo 17 da LSG.
- A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración polas persoas beneficiarias, e que puidieran afectar á financiación das actividades subvencionadas, a adecuada e correcta obtención, utilización, disfrute ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.

ARTIGO 27. ACTIVIDADES DE CONTROL FINANCEIRO

O control financeiro de subvencións poderá consistir en:

- a) O exame de rexistros contables, contas ou estados financeiros das persoas beneficiarias e da documentación que os soporte.
- b) O exame de operacións individualizadas e concretas, relacionadas ou que puidieran afectar ás subvencións concedidas.
- c) A comprobación de aspectos parciais e concretos dunha serie de actos relacionados ou que puidieran afectar ás subvencións concedidas.
- d) A comprobación material das inversións financiadas.
- e) As actuacións concretas de control que deban realizarse conforme co que en cada caso establezan as bases reguladoras e, no seu caso, a resolución de concesión.

- f) Calesquera outras comprobacións que resulten necesarias en atención ás características especiais das actividades subvencionadas.

O control financeiro poderá extenderse ás persoas físicas ou xurídicas ás que se encontren asociadas/os as/os beneficiarias/os, así como a calquera outra persoa susceptible de presentar un interés na consecución dos obxectivos, na realización das actividades, na execución dos proxectos, o una adopción dos comportamentos.

As/os beneficiarias/os, as entidades colaboradoras, e as/os terceiras/os relacionadas/os co obxecto da subvención ou coa súa xustificación, estarán obrigadas/os a prestar colaboración e facilitar canta documentación sexa requerida no exercizo das funcións de control que corresponden á Intervención Municipal, nos termos establecidos no artigo 45 da LSG.

Cando no exercizo das funcións de control financeiro se deduzan indicios da incorrecta obtención, destino e xustificación da subvención percibida, a Intervención Municipal propondrá a adopción das medidas cautelares que se estimen precisas co obxecto de impedir a desaparición, destrución ou alteración das facturas, documentos equivalentes ou substitutivos e calquera outro documento relativo ás operacións nas que se manifesten tales indicios.

As medidas deberán ser proporcionadas ao fin que se persiga. En ningún caso se adoptarán aquelas que poidan producir un prexuízo de imposible ou difícil reparación.

TÍTULO VI

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

ARTIGO 28. INFRACCIÓNS E RESPONSABLES

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións, as accións e omisións tipificadas no Título IV da LSG, e serán sancionadas incluso a título de simple negligencia.

Serán responsables das infraccións administrativas en materia de subvencións, as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, así como os colectivos cidadáns e entes sen personallidade que teñan a condición de beneficiarias/os de subvencións. Así como, no seu caso, as entidades colaboradoras e os representantes legais das persoas beneficiarias que carezan de capacidade de obrar.

ARTIGO 29. PROCEDIMENTO SANCIONADOR

O procedemento sancionador, a tipificación das sancións que se poden impoñer, así como os prazos de prescrición delas, axustaranse ao previsto nos artigos 57 e seguintes da LSG.

Redondela, 6 de maio de 2008.—O Concelleiro Delegado de Participación Cidadá (Delegación BOP núm. 146, do 30 de xullo de 2007), Xosé Carlos Pazos Docampo.

2008005208